

## **REGULAMENTO DE PRIMARIAS PARA AS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO GALEGO 2020**

### **1.- MOTIVACIÓN E ANTECEDENTES DE DEREITO**

A reiterada esixencia expresada no Documento Ético de que sexan as persoas rexistradas en Podemos as que decidan e ordenen as candidaturas nos diferentes procesos electorais onde Podemos participe como partido político foi configurando xa algúns consensos básicos con respecto á utilización dos sistemas de votación para elixilas e o papel dos criterios de representatividade, pluralidade e proporcionalidade no devandito sistema.

Este patrimonio colectivo, apontado polas decisións expresadas polos diferentes órganos de Podemos, e moi especialmente pola nosa Asemblea Cidadá, é un factor clave para que a certeza e a transparencia no proceso de elección se vexan reforzadas por un marco legal cuxos elementos básicos son previos, coñecidos, e, foron testados antes dunha votación determinada. Isto é especialmente relevante desde o punto de vista da percepción externa da organización no seu conxunto. Ao final, poucos elementos lexitiman máis un sistema de votación para que este sistema continúe, independentemente dos resultados a favor ou en contra de quen os regula ao longo do tempo, algo que dá seguridade non só ás persoas rexistradas —afeitas a participar nos diferentes procesos—, senón que tamén reforza, ante quen se achega a Podemos, a nosa convicción de que unha organización baseada na participación das persoas, e onde estas teñen a última palabra, é a mellor forma de presentarnos ante o electorado.

O obxectivo deste regulamento é, por tanto, avanzar na consolidación dun sistema electoral propio de Podemos, pero adaptándoo á presente situación, de modo que faga compatibles os criterios básicos de apertura, representatividade, proporcionalidade e pluralidade coa realidade do noso país, para poder ofrecer ao noso electorado as mellores candidaturas ao servizo do verdadeiro obxectivo da nosa organización: servir de ferramenta democrática para o cambio e seguir avanzando na recuperación das institucións para poñelas ao servizo da xente.

O presente regulamento, é a adaptación e consolidación do *Regulamento Estatal de primarias para as institucións de representación* para as eleccións autonómicas que se celebrarán en Galicia no ano 2020.

### **2.- SISTEMA DE VOTACIÓN**

O sistema de votación para configurar as papeletas para as eleccións ao Parlamento de Galicia será o establecido no *Regulamento de Primarias para Institucións Representativas*.

En primeiro lugar, levarase a cabo unha votación uninominal para elixir á persoa cabeza de lista. É dicir, cada votante poderá votar soamente a unha persoa para encabezar a lista, e resultará elixida a persoa que máis votos obteña. Como existen varias circunscricións nas eleccións que nos ocupan, as persoas que se presenten como candidatas a cabeza de lista deberán especificar por que circunscrición queren concorrer, e deberán levar un mínimo de tres meses inscritas nela (tomando como referencia o primeiro día de votación das primarias); así mesmo, terán que achegar un pequeno parágrafo explicando a súa relación política, profesional ou vital coa circunscrición en cuestión.

En todo caso, independentemente de que nas eleccións haxa máis dunha circunscrición, as primarias de Podemos aquí descritas levaranse a cabo na circunscrición única que corresponda á totalidade do territorio sobre o que o órgano de representación a elixir teña competencias.

En concreto, para as eleccións ao Parlamento galego, a circunscrición das primarias será a totalidade do territorio de Galicia.

O resto da(s) papeleta(s) — é dicir, todos os postos menos a cabeza de lista — configúrase nunha votación distinta, aínda que é simultánea e forma parte do mesmo proceso.

As persoas que se presenten á elección da cabeza de lista tamén poden presentarse á elección do resto da(s) papeleta(s).

O sistema de elección para o resto da(s) papeleta(s) (sen contar a cabeza de lista) será o chamado sistema *Desborda*, aprobado polas persoas rexistradas en Podemos con ocasión da Segunda Asemblea Cidadá Estatal da nosa formación. Este sistema está baseado no sistema Borda, un método que goza dun amplo consenso previo e que foi utilizado con éxito en numerosos procesos, demostrando con feitos as súas propiedades para facilitar a pluralidade e a representación das minorías.

Ao sistema Borda estándar engádeselle unha mellora para incentivar o acordo entre listas (o desprazamento do inicio). Ademais, e dado que neste caso (a diferenza do caso dos órganos internos do partido) a orde si importa, límítase a lonxitude das listas para facilitar a pluralidade nos postos máis altos da(s) papeleta(s) final(is).

Por suposto —e como en calquera sistema electoral de Podemos—, os resultados corríxense por paridade para garantir a representación das mulleres. En concreto, o sistema Desborda funciona neste caso da seguinte maneira:

- Defínese como  $N$  o número total de escanos da institución de representación que corresponde ás eleccións que nos ocupan. Para as eleccións autonómicas de Galicia, o Parlamento galego ten 75 escanos. Así que, neste caso,  $N = 75$ .

- Defínese o número  $M$  como  $M = N/3 - 1$ , redondeando cara arriba. No caso das eleccións autonómicas de Galicia:  $M = 75/3 - 1 = 24$
- Establécese se nas devanditas eleccións hai máis dunha circunscrición (é o caso das eleccións autonómicas en Galicia). Establécese cales son estas circunscricións. Neste caso: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, por esta estrita orde.
- Unha vez establecidos estes elementos, poderanse presentar listas ordenadas e abertas de lonxitude máxima  $N$  (75) e de lonxitude mínima  $M/3$  (8) (redondeando cara arriba).
- Tamén se poderán presentar candidatos ou candidatas individuais que conformarán, entre todos eles e todas elas, a así chamada «lista branca».
- Ningunha persoa poderá presentarse simultaneamente en dous equipos ou listas distintas nin tampouco poderá presentarse simultaneamente de maneira individual e como membro dun equipo ou lista.
- Ao existir varias circunscricións nas eleccións que nos ocupan, as persoas que se presenten como candidatas deberán especificar por que circunscrición queren concorrer, e deberán achegar un pequeno parágrafo explicando a súa relación política, profesional ou vital, coa circunscrición en cuestión.
- Cada persoa poderá emitir un máximo de  $M$  votos (24) (a persoas de diferentes listas se así o desexa) establecendo unha orde de prioridade, de xeito que o voto valerá máis canto máis alta coloque o votante ou a votante á persoa candidata na súa papeleta.
- A puntuación que se adxudicará a cada candidato ou candidata será decrecente segundo a orde de votación, empezando en  $M + 3 M/10$  puntos (redondeando cara abaixo) e baixando de 1 punto en 1 punto para os candidatos ou candidatas seguintes que seleccione a persoa votante. *Exemplo: no caso das eleccións autonómicas de Galicia, a primeira persoa seleccionada pola persoa votante obterá  $24 + 3 \times 24/10 = 31,2$  é dicir, 31 puntos; a seguinte, 30, a seguinte, 29... e así sucesivamente.*

Os candidatos e as candidatas que conformarán finalmente a(s) papeleta(s) calcúlanse seguindo estes pasos en orde:

1. Colócase á persoa cabeza de lista no primeiro posto da papeleta da circunscrición pola que esta persoa decidise concorrer.

2. Para o resto da(s) papeleta(s), primeiro ordénanse nunha única lista as persoas candidatas segundo o total de puntos que obtivese cada unha.
3. Como hai máis dunha circunscrición nas eleccións que nos ocupan, distribúense as persoas nas papeletas de cada unha das circunscricións. Isto faise de maneira progresiva, de maior a menor puntuación.

É dicir (e sempre respectando o posto reservado á cabeza de lista), a persoa con máis puntos de todas as que elixisen a circunscrición A colócase no posto máis alto da papeleta correspondente á circunscrición A; a segunda persoa con máis puntos de todas as que elixisen a circunscrición A colócase no seguinte posto (e así, sucesivamente, con todas e cada unha das circunscricións).

4. Sobre o ordenamento resultante, aplícase o mecanismo aprobado pola Asemblea Cidadá Estatal de Podemos de corrección de xénero —incluído no Documento Feminismo en Movemento para Todas e baseado na Ruta Morada— a cada unha das papeletas (a partir de agora, xa sen distinguir entre a persoa cabeza de lista e o resto).

### **3.- PRIMARIAS TELEMÁTICAS**

Segundo o Regulamento Estatal, as eleccións primarias para territorios por encima de 200.000 habitantes serán obrigatoriamente telemáticas.

### **4.- AVAIS E CONDICIÓNS PARA O SUFRAXIO PASIVO**

Poderán presentarse a cabeza de lista aquelas persoas que leven un mínimo de tres meses inscritas en Podemos no ámbito polo que a persoa se presenta (Galicia) contado cara atrás desde o día en que comecen as votacións.

Calquera persoa candidata a calquera dos postos que se elixan terá que achegar, no momento da inscrición da súa candidatura, o número e tipo de avais segundo se describe a continuación.

Avalar non implica apoiar unha candidatura ou a un candidato ou candidata.

O órgano, círculo ou persoa que avala está a garantir coa súa palabra e coa súa sinatura que os candidatos e as candidatas cumpren os principios de Podemos en xeral, e, o establecido nos Documentos Éticos, Políticos, Organizativos e de Igualdade aprobados na Asemblea Cidadá «Vistalegre II» en particular.

As persoas candidatas á cabeza de lista deberán ser dobremente avaladas:

- Por un número de avais persoais de persoas rexistradas en Podemos non inferior ao 0,025 % (redondeando cara abaixo) dos habitantes do ámbito polo que a persoa se presenta (Galicia) e sen que faga falta solicitar máis de 150 avais nin menos de 5 en ningún caso.

Avais en GALICIA =  $2699499 \times 0,025 / 100 = 674$  (así que serán **150**)

Fonte: <https://www.ige.eu/web/index.jsp?idioma=es>

- Tamén, por un espazo colexiado que pode ser calquera dos seguintes: No caso das eleccións autonómicas:
  1. Consello Cidadán Autonómico, Consello de Coordinación Autonómico ou o Secretario Xeral Autonómico.
  2. Polo menos tres órganos municipais da comunidade autónoma (Consello Cidadán Municipal ou Plenario) ou polo menos o 20 % deles (redondeando cara arriba).
  3. Polo menos tres Círculos Activos de Podemos, sexan estes territoriais ou sectoriais, de ámbito de actividade dentro dos límites xeográficos da comunidade autónoma, ou polo menos o 20 % deles (redondeando cara arriba).

As persoas candidatas **ao resto da(s) papeleta(s)** poderán optar por ser avaladas a través dos avais persoais de persoas rexistradas en Podemos ou a través dos avais colexiados (de maneira individual ou como parte dunha lista), por algún dos espazos colexiados descritos máis arriba.

En caso de optar polos avais persoais, a persoa candidata deberá recibir un número de avais persoais de persoas rexistradas en Podemos non inferior ao 0,015 % (redondeando cara abaixo) dos habitantes do ámbito (Galicia) polo que a persoa desexa concorrer, e sen que faga falta solicitar máis de 90 avais nin menos de 5 en ningún caso, neste caso, ao exceder do máximo, serán **90** avais.

Avais en Galicia =  $2699499 \times 0,015 / 100 = 404$  (90 máximo)

Os avais persoais só poderán ser outorgados polos rexistrados e as rexistradas de Podemos que o sexan desde polo menos tres meses contando cara atrás desde o día en que comecen as votacións.

Unha mesma persoa pode avala a máis dun candidato ou candidata. Os avais outorgados por órganos colexiados terán que ser levados a cabo en reunión convocada coa debida

publicidade, cunha presentación das persoas candidatas que inclúa tanto unha biografía como unha motivación e deixando constancia nunha acta na que consten as persoas asistentes á reunión e os votos a favor e en contra de outorgar o aval, identificados segundo o votante.

Todos as persoas candidatas deberán ser avaladas segundo se indica neste artigo. As candidaturas individuais recibirán avais de maneira individual. As candidaturas que formen equipos poderán recibir un aval á lista completa (en bloque) ou ben aos seus membros por separado, non tendo que ser neste segundo caso necesariamente avalados por ese Círculo Activo, órgano ou persoas.

O requisito de aval en relación coas listas consistirá en que todos os seus membros terán que ser avalados, xa sexa en bloque ou de maneira individual. Por tanto, se todos os membros dunha lista foron avalados individualmente, non haberá que solicitar un novo aval de lista.

Ante circunstancias excepcionais nas que o órgano competente (Consello Cidadán Autonómico para as eleccións autonómicas) estime que este sistema de avais poida deixar pasar a candidatos, candidatas ou listas que non cumpran cos principios de Podemos, este órgano poderá elevar informe motivado á Secretaría de Organización Estatal.

En tal caso, o Consello de Coordinación Estatal poderá esixir o aval adicional do órgano competente consignado máis arriba para que o candidato, a candidata ou a lista poida presentarse definitivamente.

No caso dos avais persoais, e de forma excepcional, unha maioría de 3/5 do órgano competente podería decidir aprobar a candidatura se considera que unha lista ou unha persoa —malia non recibir os avais mínimos requiridos— ten suficiente apoio no municipio como para presentarse. O órgano competente, neste caso, deberá comunicar mediante acta e informe motivado esta decisión ao Consello de Coordinación Estatal a través da Secretaría de Organización Estatal. Esta excepción non será aplicable para os avais outorgados por órganos colexiados.

## **5.- COMITÉ ELECTORAL**

O Comité Electoral, co fin de configurar as papeletas electorais para as institucións autonómicas estará formado por:

- Dúas persoas do Consello Cidadán Autonómico elixidas polo Consello de Coordinación Autonómico que non sexan candidatas e que garantan a súa dispoñibilidade durante o proceso.

- Unha persoa designada polos membros da Comisión de Garantías Democráticas Autonómica. Se non existise dita Comisión, unha persoa designada pola Comisión de Garantías Estatal.
- Unha persoa designada pola Secretaría de Organización Estatal.
- Estas catro persoas terán voz e voto.
- Unha vez publicadas as candidaturas, entrarán a formar parte do Comité Electoral, con voz pero sen voto, un membro de cada lista completa asociada a unha cabeza de lista, persoa que será nomeada ante o Comité Electoral e co cal se comunicará unicamente a través da dirección de correo electrónico que designe cada candidatura completa.

Serán funcións do Comité Electoral as seguintes:

- Será o encargado de resolver os conflitos que poidan xurdir en primeira instancia, como, por exemplo, os relativos ao nome das candidaturas.
- Velará polo bo funcionamento do proceso no seu territorio, así como polo cumprimento do Protocolo de neutralidade.
- Comprobará, en caso de conflito, calquera dato relativo ao aval das candidaturas.
- Vixiará o correcto funcionamento das mesas de votación.
- Velará por que se cumpra o calendario, que conterá, polo menos:
  - Concesión de avais de candidaturas e listas.
  - Inscripción de candidaturas provisionais.
  - Publicación das candidaturas provisionais.
  - Corrección de incidencias técnicas.
  - Publicación das candidaturas e as listas definitivas.
  - Campaña electoral.
  - Período de votación.
  - Proclamación dos resultados.
- Impulsará ao Equipo Técnico para crear espazos e dinámicas de participación, como debates e encontros, para visibilizar aos diferentes candidatos ou candidatas e para fomentar a interlocución destes ou estas coa cidadanía, manténdoos e manténdoas en todo momento en pé de igualdade.

Todas as decisións do Comité Electoral serán recorribles ante a Comisión de Garantías Democráticas competente, que resolverá as reclamacións no prazo de corenta e oito horas ou as arquivará de maneira sumaria. Cada Comité Electoral fará público o seu correo de contacto, que se creará ad hoc en cada proceso.

## **6.- EQUIPO TÉCNICO**

A prol de garantir o correcto desenvolvemento das primarias para configurar as papeletas electorais, o Consello Cidadán Autonómico nomeará un Equipo Técnico para que se cumpran todos os requisitos materiais, xurídicos e políticos co obxectivo de levar a cabo un proceso democrático, neutral e participativo que fomente a interlocución coa cidadanía e que manteña as candidaturas en todo momento en pé de igualdade.

O Equipo Técnico estará formado polos seguintes perfís:

- **Responsable político:**
  - Garante o cumprimento dos documentos de orde superior e a validez das inscricións das candidaturas.
  - Coordina o traballo do Equipo Técnico e informa o Consello Cidadán de todos os seus avances.
- **Responsable legal:**
  - Garante o cumprimento de Lei Orgánica de Protección de Datos.
  - Asegura a legalidade das votacións e o cumprimento do Protocolo de neutralidade.
- **Responsable de comunicación:**
  - É o encargado de coordinar todas aquelas actividades que afecten á imaxe e á visibilidade da asemblea: boletíns aos rexistrados, coordinación das candidaturas coa prensa, organización de debates televisados, campañas nas redes sociais, cartelería dos actos, etcétera.
- **Responsable de finanzas:**
  - Propón e executa o orzamento.
- **Responsable de informática:**



- Xestiona a web da asemblea e os formularios de inscrición, en coordinación cos equipos de Informática autonómicos e estatais.
- Responsable de produción:
  - Organiza a loxística das primarias contempladas no calendario.
- Responsable de mediación:
  - Impulsa e dinamiza espazos de negociación e consenso.
  - Fomenta a fraternidade e o respecto entre as candidaturas.

## **7.- PROTOCOLO DE NEUTRALIDADE**

O Protocolo de neutralidade regula durante os procesos de eleccións as seguintes ferramentas oficiais do partido a todos os niveis territoriais:

- Contas de Twitter, Facebook, Instagram e outras redes sociais.
- Páxinas web.
- Contas de correo electrónico.
- Canles de Telegram, grupos de WhatsApp e outros programas de mensaxería.

Os debates os mantén a xente. As contas oficiais teñen a responsabilidade de promocionar e alentar tales debates, pero tamén de comportarse de maneira neutral, para que este sexa o máis limpo posible. Os responsables das contas oficiais de Twitter e Facebook, as páxinas web, contas de correo electrónico e as canles de Telegram oficiais e calquera outro medio telemático de comunicación que sexa usado de maneira oficial, responsabilizaranse da promoción dos espazos onde se aloxan todas as candidaturas desde as contas corporativas de Podemos. En ningún caso poden promocionar listas ou candidaturas individuais concretas.

Todas as candidaturas son libres de crear perfís propios en redes sociais para promocionar aos seus candidatos ou candidatas, pero en ningún caso estes poderán ser confusos ou poderá caber a posibilidade de que se confundan coas redes oficiais de Podemos (non se poderán utilizar os logos ou banners oficiais de Podemos para este fin, e na descrición deberá figurar que se trata da conta dunha candidatura).

Durante o proceso de promoción das candidaturas e as votacións, as contas oficiais de Podemos lanzarán varias campañas animando á participación e promocionando os espazos comúns, pero non promocionando candidaturas concretas.

Desde a convocatoria das eleccións primarias reguladas no presente documento e ata a publicación definitiva dos resultados: desde as contas oficiais non se poderá dar cobertura a ningún cargo público ou interno nas redes oficiais cando pertenza a unha candidatura, agás cando a temática que estea a tratar non estea relacionada co proceso interno e no estrito cumprimento da súa calidade de deputada. En ningún caso poderán utilizar os seus cargos internos para a realización, convocatoria ou comunicación (directamente ou a través de terceiras persoas) de ningún acto, evento ou reunión, aínda que este puidese ter relación coa súa responsabilidade interna (Por motivos obvios a SXA e o ASXA, como únicas excepcións, si que poderán levar a cabo un labor normal).

Os candidatos ou candidatas teñen dereito a asegurarse de que este protocolo non se incumpre en beneficio dunha candidatura concreta e, no caso de que así suceda, a reclamar o seu cumprimento ao órgano ou círculo correspondente e ás persoas responsables das redes sociais deste órgano ou círculo.

As contas oficiais non deben utilizarse para nada que non sexa a promoción de espazos comúns. Por tanto, non se pode nin mencionar as contas das candidaturas nin darlles retuit. Tampouco se debe facer retuit a asuntos relacionados coa interna, aínda que sexan tuits de portavoces. Esta norma tamén ha de aplicarse ás contas dos diferentes grupos parlamentarios ou municipais.

## **8.- CALENDARIO**

O Calendario das eleccións primarias será o seguinte:

11 de febreiro ao 14 de febreiro	Preinscricións individuais das candidaturas
15 de febreiro	Publicación das candidaturas provisionais
15 de febreiro	Subsanacións
15 ao 17 febreiro	Concesión dos avais persoais
15 ao 17 de febreiro	Solicitude e concesión dos avais colexiados
18 de febreiro	Inscrición das listas
18 de febreiro	Subsanacións
19 de febreiro	Publicación das candidaturas definitivas
20 ao 25 de febreiro	Campaña electoral e debates presenciais
21 ao 25 de febreiro	Votacións
26 de febreiro	Verificacións, antifraude e reconto
27 de febreiro	Proclamación dos resultados

Pechado do censo o 11 de febreiro

## **9.- CENSO DE VOTANTES**

Poderán votar neste proceso de primarias os rexistrados e as rexistradas que verificasen a súa identidade no ámbito territorial de Galicia e que o sexan como mínimo desde dez días antes do inicio das votacións.

A inscrición en Podemos, con todo, nunca se pecha. As persoas poden seguir inscribíndose e verifican a súa identidade en todo momento, pero só poderán votar aquelas persoas rexistradas antes do peche do censo de votantes descrito anteriormente.

## **10.- INVALIDACIÓN DE PROCESOS**

Daranse por non válidos aqueles procesos de votación que:

- Incumpran algún dos artigos deste regulamento (ou as súas modificacións).
- Para esta votación telemática, se contou cun nivel de participación inferior ao 10 % dos rexistrados en Podemos en Galicia, inferior ao 20 % dos rexistrados activos (definidos como aqueles que accederon polo menos unha vez no último ano en <https://participa.podemos.info>) e inferior do 30 % dos rexistrados verificados. É dicir, se calquera destas tres cotas se superase, o proceso darase por válido.

Se o proceso electoral non alcanzase estes mínimos, o Consello Cidadán Autonómico podería solicitar, por circunstancias excepcionais debidamente motivadas, ao Consello de Coordinación Estatal (a través da Secretaría de Organización) que os resultados se dean por válidos. A decisión final será do Consello de Coordinación.

## **11.- MESAS DE VOTACIÓN**

Coa idea de potenciar a participación das persoas rexistradas en Podemos e de eliminar barreiras tecnolóxicas que dificulten á xente elixir os seus dirixentes orgánicos, anímase aos círculos de Galicia a poñer puntos de votación en mesas a pé de rúa ou dentro de locais onde calquera persoa xa rexistrada poida exercer o seu dereito ao sufraxio activo nas votacións telemáticas.

## **12.- FINANCIAMENTO DAS CANDIDATURAS**

O crecemento de Podemos debe vir acompañado dunha regulamentación mínima pero esixible dos aspectos financeiros dos procesos de primarias internas para que estes sexan máis democráticos, abertos e transparentes. As diferentes candidaturas deberán presentar unha contabilidade que permita verificar todos os feitos económicos que se refiran ao proceso interno ao que concorran.

En canto ao aspecto económico, encomendámonos ás instrucións que remita o Tribunal de Contas sobre procesos internos dos partidos políticos. Os gastos de campaña electoral poderán realizarse desde o día en que se convoque oficialmente o proceso ata o último día de votación. Por tanto, todos os ingresos e gastos que se orixinen deben ser realizados dentro desas datas. Todos os actos de campaña electoral e a súa propaganda deberán ser sufragados polas propias candidaturas. A orixe dos ingresos rexerese sobre os principios de transparencia e non financiamento bancario que rexe a política de finanzas e transparencia de Podemos.

O orzamento de cada candidatura realizarase de acordo aos ingresos estimados e publicarase con anterioridade na páxina web de cada candidatura. Os gastos computables serán os seguintes:

- Propaganda e publicidade directa ou indirectamente dirixida a promover o voto ás súas candidaturas, sexa cal for a forma e o medio que se utilice.
- Aluguer de locais para a celebración de actos de campaña electoral.
- Remuneracións ou gratificacións ao persoal non permanente que presta os seus servizos ás candidaturas.
- Medios de transporte e gastos de desprazamento dos candidatos ou candidatas, dos dirixentes dos partidos, asociacións, federacións ou coalicións e do persoal ao servizo da candidatura.
- Cantos sexan necesarios para a organización e o funcionamento das oficinas e os servizos precisos para as eleccións.

O Comité Electoral establecerá de forma previa un teito de gasto ás candidaturas orientado a manter unha situación de igualdade de oportunidades. Para o seu establecemento consultarase ás candidaturas, tendo como referencia estándar o que establece a Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral (LOREG), o que resultaría nun total

de trinta e cinco céntimos polo número de rexistrados con dereito a voto (fixando, en calquera caso, un mínimo de mil euros de teito de gasto).

Ningunha candidatura poderá superar o teito de gasto establecido polo Comité Electoral. Todas as candidaturas deberán presentar a súa contabilidade electoral, onde se reflectirá o importe total de ingresos e gastos. En relación con estes últimos deben desagregarse nas partidas establecidas como gastos computables.

A Comisión de Finanzas e Transparencia de Galicia fiscalizará esta contabilidade e emitirá un informe coas súas recomendacións. As diferentes candidaturas poderán consultar dúbidas e pedir asesoramento á devandita comisión sobre as cuestións relativas ao financiamento e á contabilización da súa campaña.

### **13.- ACLARACIÓNS DESTE REGULAMENTO**

Todos os detalles respecto ao proceso de eleccións primarias de Galicia que non fosen fixados neste regulamento serán atribución do Comité Electoral.

*En Santiago de Compostela a 10 de febreiro de 2020*